




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costa do Pindo e Monte Louro. Municipio: Muros. Parroquias: Santiago de Louro. Extensión: 5,88 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Sector costeiro caracterizado pola presenza dunha ampla lagoa litoral asentada sobre a chaira costeira. Esta formación é o resultado da combinación das achegas sedimentarias fluviais e mariñas, xa que o cordón de dunas formado a partir da dinámica litoral na praia de Louro, pechou o paso ás augas do arroio Longareiros e os seus tributarios, dando orixe así a unha gran chaira costeira circunscrita entre imponentes macizos costeiros de natureza granítica. Dentro do relevo da unidade, destaca ao sur o Monte Louro, con máis de 230 metros snm., así como a Punta do Rostro, no norte. Ambos os dous limitan a liña costeira da unidade. Inclúe o EIX Relevo granítico de Monte Louro e complexo sedimentario costeiro da Lagoa das Xarfas.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade atópase dentro do Dominio herciniano. A parte sueste e centro-sur -área do complexo sedimentario-, ademais dunha esquina no extremo nordeste componse dun granito de dúas micas de gran fino a medio, Tipo Muros. O resto, incluído Monte Louro, modélase nun granito de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, Tipo Barbanza. A cabeceira do Rego dos Longarelos e unha zona entre Os Mollóns e As Cavaixas, ao nordeste da lagoa, conteñen senllos enclaves de xistos con niveis de cuarcitas, en orientación NO.-SE., que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de idade precámbrico-silúrica. O Cuaternario holoceno alcanza bastante extensión, pois aos depósitos de praia e duna hai que engadir os citados como de marisma polos xeólogos. Ademais, existen indicios pleistocénicos na ladeira noroeste da lagoa.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido caracterizado por medias anuais de temperatura por enriba de 14° C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1200 mm e 1400 mm. A cabeceira do val entre os montes Rodeiro e Pedra Pacencia está máis exposta ás masas de aire húmidas oceánicas, o que se traduce nun incremento das precipitacións formando parte da variante Moi Húmida do dominio climático (rango de precipitacións entre 1400 mm e 1600 mm).

#### OS SOLOS

Secuencia característica de solos típica dos complexos sedimentarios e áreas hidromorfas anexas. Arenosoles álbicos e háplicos sobre os sedimentos cuaternarios da praia de Louro e fluvisoles sálicos e tiónicos no contorno da lagoa. Tras o complexo sedimentario esténdese o val en cuxa parte baixa debido á escasa pendente se desenvolven solos fértiles e profundos do tipo cambisol dístrico. Nas ladeiras e montes circundantes (montes Rodeiro, Meán e Louro) cos maiores desniveis os solos fanse máis esqueléticos e pobres, aflorando en moitos casos o substrato granítico, sendo frecuentes os leptosoles líticos e os regosoles.


#### AS AUGAS

O elemento máis destacado desta unidade é a lagoa costeira de Louro, na que se acumulan as augas de escorrentía procedentes das ladeiras do Outeiro das Gardas, polo norte, do Chan de Eiroa polo leste, e do propio Monte Louro polo sur. O principal arroio colector é o Longareiros, canalizado entre os dous primeiros accidentes xeográficos citados. A lagoa verte ao mar por medio dun cano mareal entre as Augas Costeiras da Punta do Rostro (20146) e a Punta de Louro (20147).

#### O PATRIMONIO NATURAL

A parte máis costeira, das áreas húmidas cara á costa, incluíndo as elevacións laterais da unidade, está incluída no LIC Monte e Lagoa de Louro. Na fronte costeira dominan as dunas atlánticas do grupo 21, e o hábitat 2260, dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia. Tras as dunas encérrase unha lagoa costeira (1150) que conta cos hábitats hidromorfos típicos. No interior destacan os importantes bosques ripícolas (91 E 0) da parte traseira da lagoa e os arrosos de Longarelos e Louro, ás veces formando masas mixtas. O conxunto rolda as 25 ha de masa boscosa, na que se suman numerosas pequenas masas de frondosas de recolonización. No fondo da chaira tras a lagoa existen áreas deprimidas e hidromorfas potencialmente de prados hidromorfos (hábitats 6420 e 6430). As ladeiras e cumes destacan os ambientes de pendentes rochosas con vexetación casmofítica (grupo 82), sobre todo en Monte Louro, e as breixeras secas europeas (4030). As dunas contan con citas de Limonium dodartii.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Na fronte costeira da unidade desenvólvese a Praia de Acoradoiro onde existe unha zona de equipamentos (cámping entre outros) vinculados ao uso turístico do areal, a Praia de Louro e a lagoa. Nas marxes da unidade predominan as formacións vexetais costeiras exceptuando a zona centro-leste do contorno ocupada por usos residenciais asociados a parcelas de cultivo. A zona central da unidade atópase poboada por masas mixtas, arborado de repoboación e vexetación de ribeira seguindo o curso do Arroio de Longarelos.

#### MORFOLOXÍA

Distingúense tres conxuntos de asentamentos, o primeiro ao norte da unidade, é o núcleo tradicional de Taxes situado nun val de montaña, cunha tipoloxía típica do rural galego asociado a agras de cultivo. O segundo asentamento é consecuencia do crecemento do núcleo urbano de Louro, situado entre o monte Meán e o monte Louro apoiándose no trazado da AC-550 e cunha tipoloxía de edificacións unifamiliares illadas. O último asentamento situado ao sueste do territorio é o de Acoradoiro, resultado de novos crecementos espontáneos detectados nas proximidades da Praia de Acoradoiro con edificacións de carácter residencial e algunhas con carácter turístico.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía máis importante é a AC-550 que comunica as principais poboacións da comarca e divide transversalmente a unidade, transitando próxima á costa. Presenta diversas bifurcacións que dan servizo aos núcleos de poboación especialmente ao de Louro. Existen pistas forestais nos montes que circunscriben a unidade.


#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Esta unidade encerra unha gran riqueza patrimonial, como o testemuñan os seus numerosos petroglifos, destacando pola súa orixinalidade os de Laxe das Rodas e Laxe de Tras das Rodas situados ao nordeste do contorno en Monte Meán. Outros petroglifos son os dous situados en Monte Louro, no que tamén se atopa un Cuncheiro e os de Monte Naraío. Por outro lado, subliñar como patrimonio arquitectónico, a presenza de dúas fábricas de salgadeira no porto de Acoradoiro, a Igrexa parroquial de Louro e a Casa Reitoral de Louro ademais do diverso patrimonio etnográfico que posúe a unidade (hórreos, pombais).

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

O carácter á unidade imprímello a súa franxa costeira na que sobresaie a lagoa litoral, separada por un cordón de dunas da Praia de Louro e o Monte Louro pegado ao mar que alcanza os 230 metros de altitude. Cara ao interior da unidade atópanse os principais núcleos de poboación, sendo o de maior entidade Louro, de carácter urbano. As novas edificacións, na súa maioría son de uso residencial exceptuando algunhas de uso turístico xa que esta unidade ofrece numerosos atractivos naturais.

**DINÁMICA DA PAISAXE**



**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A paisaxe está caracterizado polo alto valor natural que presenta a Lagoa de Louro, situada na chaira costeira, e polo imponente macizo costeiro Monte Louro con máis de 230 metros de altitude, actuando este como un excelente punto de observación. As anteriores características xunto cos seus areais e cantís apenas sen urbanizar e o bo estado de conservación da unidade en xeral son o maior potencial da zona. Ademais do seu gran valor ecolóxico e paisaxístico recoñecido polas figuras de protección LIC, ZEPVN, tamén declarado Espazo de Interese Xeomorfolóxico, cabe destacar o gran patrimonio arqueolóxico que posúe. Desde o punto de observación didáctico detectado pódense percibir as características esenciais das unidades de paisaxe C1, costa dos grandes complexos sedimentarios.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS
















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



